



## ROGO PARA A SUBSTITUCIÓN DE TAPA DE REXISTRO EN SAN PEDRO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do pasado mes de maio, o Grupo Municipal Popular presentou un rogo para que se procedera á substitución dunha tapa de rexistro metálica na rúa de San Pedro, en cumprimento do establecido na normativa de protección da Cidade Histórica.

No transcurso da sesión, a resposta do representante do Goberno foi que se ignoraba a propiedade desa tapa de rexistro, que se comprobara que estaba soldada, pero que por parte do Goberno “evidentemente, reitirase e poñeremos a que corresponda”.

Transcorridos máis de oito meses daquel anuncio, a tapa de rexistro segue no seu lugar, sen que coñezamos ningún motivo para a continuidade deste incumprimento do correspondente Plan Especial que, tal e como temos sinalado, especifica que os “rexistros, tapas e arquetas dos distintos servizos, realizaranse en pedra ou fundición, evitando, salvo xustificación, a utilización de tapas prefabricadas de formigón...” (art. 176.9).

Tendo en conta, ademais, o agravante de que este incumprimento se produce no tramo final da principal vía de peregrinación a Santiago, o Grupo Municipal Popular volve a formular o seguinte rogo:

***“Que o Goberno local dea as instrucións precisas para que á maior brevidade posible se proceda ao cambio de tapa de rexistro metálica existente entre os números 69 e 71 da rúa de San Pedro, substituíndoa por outra cun material acorde coas determinacións establecidas na normativa de protección e rehabilitación da Cidade Histórica”.***

Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2017.

Teresa Gutiérrez López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular